

ESTRUTURA DA PLATAFORMA MAISCOMPOSTELA

Unha vez admitido no curso, o alumnado recibirá na dirección de correo electrónico facilitada como contacto os datos de acceso: **usuario** e **contrasinal**. No mesmo correo pediráselle que acceda a unha ligazón co fin de activar a súa conta.

Á plataforma accedese a través da páxina www.maiscompostela.org. Despois de introducir os datos de usuario e o contrasinal accederase a unha pantalla principal, na que se presenta o curso ou cursos nos que participe a/o alumna/o.

Cada curso conta con seis módulos básicos:

1. **Documentación:** contén o temario do curso. Introdúceo o profesorado para que o descargue a persoa usuaria.
2. **Tableiro:** o profesorado introduce anotacións que considera de interés especial (datas de entrega de traballos, modificacións en algún documento, etc.). Esta información recibirana todos as persoas que realicen o curso a través do seu correo electrónico, incluso aqueles que aínda non se conectaran á plataforma.
3. **Axenda:** recolle anotacións referentes a datas realizadas polo profesorado. É como un calendario.
4. **Foro do curso:** permite manter unha conversa en liña entre profesorado e alumnado ou entre os alumnos e alumnas. Estas conversas non se borran, permanecen formando parte dun histórico. Así, o alumnado que non puido participar, pode acceder á información que se transmitiu.
5. **Cualificacións:** recolle as notas do alumnado introducidas polo/a docente. Cada alumno/a só pode ver as súas cualificacións.
6. **Avaliación Persoal:** recolle os exercicios prantexados polo profesorado. É ademais, onde o alumnado introduce as respostas. Os/as docentes teñen acceso a todos os exercicios. Sin embargo, o alumnado só pode acceder aos que realizou él.

Nalgún curso, e como consecuencia do carácter multidisciplinar da plataforma, é posible que se introduza algún módulo máis a maiores para dar resposta ás necesidades de formación específicas desa especialidade.